

## CONCURSO PÚBLICO DE VENDA E CONCESIÓN DE DEREITOS DE SUPERFICIE DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL PROPIEDAD DE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. E DO INSTITUTO GALEGO DA VIENDA E SOLO

**Prazo de presentación:**  
**ATA O 20 DE MAIO DE 2026**

### ➤ **OBXECTO**

Regular a venda e a constitución de dereitos de superficie sobre as parcelas propiedade de Xestur e do IGVS. (Ver parcelas dispoñibles).

### ➤ **PARA QUE?**

Facilitar o asentamento de novas empresas e converter a Galicia nun polo de atracción de novas industrias e xeración de emprego.

### ➤ **PARA QUEN?**

Calquera persoa física ou xurídica.  
Poderán presentar varias ofertas.

No caso das persoas xurídicas deben acreditar a representación da sociedade.

### ➤ **CONDICIÓNS**

- ✓ Edificar e obter habilitación para a primeira actividade no prazo máximo de 3 anos.
- ✓ No caso de compra de parcelas, compromiso de manter a actividade durante 10 anos, como mínimo.
- ✓ No caso dereito de superficie, compromiso de manter a actividade durante 15 anos, como mínimo.

## » PREZOS

- ✓ Os prezos mínimos previstos no prego do concurso.

## » BONIFICACIÓNS

- ✓ Segundo o previsto no prego.
- ✓ Só para a compra de parcelas e con vixencia ata o 30 de novembro de 2026.
- ✓ As solicitudes posteriores a esa data, no lles será aplicable a bonificación.

## » FORMA DE PAGO

- ✓ Prezo Bonificado. 100% do prezo ao contado + IVE no prazo máximo de tres meses dende que se lle notifique a adxudicación.
- ✓ Dereito superficie: 8 primeiros gratuíto. Seguintes anos canon do 3,5% do prezo ofertado.

## » FIANZAS

- ✓ O 5% do importe da parcela sen bonificar, que deberá ser depositada antes de presentala solicitude.

## » CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- ✓ O maior prezo.
- ✓ En caso de igualdade no prezo, terán preferencia:
  - Os solicitantes que sexan propietarios dunha parcela lindeira.
  - O solicitante que sexa dono dunha parcela no mesmo parque e xustifique a necesidade de ampliación.
  - O que cree un maior número de empregos
  - O que teña traballadores con discapacidade.
  - Os que proxecten a implantación de instalacións que contribúan ao auto-consumo ou ao uso de enerxías renovables.
  - O que teña implantado un plan de igualdade ou este en posesión de marca galega de excelencia en igualdade.
  - En caso de coincidencia cos criterios anteriores, o solicitante que primeiro presentara a oferta.

## » PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

- ✓ No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, situado no Edificio Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela.
- ✓ En calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e dirixido a Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15703, Santiago de Compostela.

No suposto de que se presenten as ofertas en lugares diferentes do rexistro da Xunta, deberá remitirse o mesmo día da presentación á Xerencia de Xestur, S.A. un correo electrónico á dirección [xestur@xesturgalicia.com](mailto:xestur@xesturgalicia.com), indicando a presentación da oferta e o lugar da súa presentación.

## » QUÉ PASA COAS PARCELAS QUE QUEDEN DESERTAS?

- ✓ As parcelas que queden desertas poderán venderse por adxudicación directa, ou ser obxecto dunha nova licitación.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

Prego de bases na seguinte dirección Web: [www.xesturgalicia.com](http://www.xesturgalicia.com)